

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba a relación de persoas que deben realizar a proba eliminatoria de galego ao participar no concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional e non acreditar o coñecemento do galego.

De acordo co disposto na base quinta da Resolución do 21 de decembro de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Hacienda e Función Pública, pola que se convoca o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm 310, do 27 de decembro), en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os/as concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

A vista da documentación que obra nesta unidade e unha vez examinadas as solicitudes presentadas polas persoas participantes no concurso,

RESOLVO:

Aprobar a lista de participantes no concurso unitario que deberán realizar a proba de galego eliminatoria que se celebrará o vindeiro día 19 de abril de 2022, ás 10:30 horas, no Seminario B (primeiro andar) da Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, en Santiago de Compostela.

Persoas convocadas proba galego

DEL RIEGO SANTOS, MARÍA ROSA

As persoas convocadas deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

Dirección Xeral de Administración Local
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal

